

Vedra de tapas

O Concello de Vedra en colaboración cos establecementos de hostalería asociados á marca “**Tabernas da Ulla**” organiza o **Roteiro - Concurso “ Vedra de Tapas”** co obxectivo de promover a restauración local.

DATAS: 6, 7, 8, 11, 12, 13, 14 e 15 de outubro 2017

HORARIOS:

Venres 6: de 20.00h a 23.00h

Sábado 7: de 13.00h a 15.00h e de de 20.00h a 23.00h

Domingo 8: de 13.00h a 15.00h

Mércores 11: de 20.00h a 23.00h

Xoves 12: de 13.00h a 15.00h e de 20.00h a 23.00h

Venres 13: de 20.00h a 23.00h

Sábado 14: de 13.00h a 15.00h e de 20.00h a 23.00h

Domingo 15: de 13.00h a 15.00h

Cada tapa terá un prezo de venda ao público de **1,50 €**. Tapa + albariño: se os clientes degustan unha tapa acompañada por un viño albariño das adegas locais, o prezo de venda ao público será de **3,00€**.

CONCURSO:

Cando un cliente deguste unha tapa presentada a concurso, o establecemento participante deberá selarlle a cartilla de votación, na casiña correspondente ao seu establecemento.

Os clientes poden votar todas as tapas ou parte delas, dándolle a puntuación que consideren: de 0 (mal) a 5 (excelente).

Para entrar no concurso de tapas as cartillas teñen que ter os selos de como mínimo 5 establecementos.

SORTEOS E AGASALLOS:

Para entrar no sorteo dos diferentes agasallos será preciso:

Ter os datos cubertos e lexibles na cartilla de votación e depositala en calquera das urnas nos establecementos hostaleiros participantes ou na Casa do Concello de Vedra.

As papeletas terán que estar depositadas o domingo 15 de outubro de 2017 ás 23:00h. como data tope para participar no sorteo e ser válidas para o reconto.

OS AGASALLOS A SORTEAR ENTRE OS CLIENTES PARTICIPANTES NO CONCURSO SON:

As cartillas con selos de como mínimo 5 establecementos participarán nos sorteos de:

-3 lotes de produtos locais.

-2 tarxetas regalo por valor de 50 € para gastar nalgún dos establecementos do concello.

As cartillas con selos de como mínimo 8 establecementos participarán nos sorteos de:

- Unha cea para dúas persoas nun dos restaurantes do concello.
- Unha escapada termal para dúas persoas con almorzón incluído, circuito termal...

As cartillas con selos dos 11 establecementos participantes entrarán no sorteo de 200 €

Este ano contamos de novo cunha aplicación móbil:

Quedamos de tapas! na que tamén poderemos votar a tapa que máis nos guste, a **“Tapa amiga”**.(Esta votación non entra no concurso).

Para os agasallos de grupo:

Considerarase grupo o formado por 5 ou máis persoas.

Realizarase un CONCURSO FOTOGRÁFICO: A foto terá que mostrar que se está facendo a ruta “Vedra de Tapas”. Haberá que enviala a casadospeons@concellodevedra.com, e pasará un filtro de valoración e se é admitida subirase ao Facebook do concello de Vedra.

A foto máis votada será a gañadora, sempre e cando cumpra os requisitos esixidos para a participación.

Premio: 20 tapas e 10 consumicións no establecemento gañador da mellor tapa no Vedra de Tapas 2017.